



Sindicato
Profesional
de Xustiza

SPJ-USO SOLICITA MESA DE NEGOCIACIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE CONCILIACIÓN DA VIDA FAMILIAR, PERSONAL E LABORAL, URXENTES E EXTRAORDINARIAS, NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA DE GALICIA

Conciliación da vida laboral, persoal e familiar veu para quedar, porque é unha realidade innegable, que estamos a vivir, con nome de pandemia, sen medidas de conciliación, reais e efectivas, que deixan en xaque mate as nosas vidas, en todos os sentidos e, polo tanto, que é unha materia pendente e ineludible, con moito traballo por diante.

No ámbito de Administración de Xustiza, desde **SPJ-USO** vimos demandando esta necesidade de conciliar desde hai tempo, reclamando a constitución da correspondente **MESA DE CONCILIACIÓN NA XUSTIZA GALEGA** para negociar diferentes medidas. Non chegou a tempo e sorprendeunos un virus cos deberes sen facer.

SPJ-USO, como medida fundamental, apostaba pola implementación do teletraballo, e non se equivocaba, comprobada está a boa acollida e os positivos resultados, a pesar de termos que botar man da improvisación, ante a dita falta de regulación. Pero agora mesmo falar só de teletraballo é insuficiente, **son necesarias máis medidas que consideramos que deben adoptarse con carácter de extraordinarias e urxentes**, á altura das circunstancias presentes.

Ante o novo panorama en que nos atopamos e dado, ata o momento, o silencio da DXX, este sindicato mostra a súa preocupación porque son moitas ás dúbidas sen resposta.

Por iso, **INSTAMOSLLE** á Administración para que mostre unha rápida predisposición e vontade para dar solucións, en forma de **MEDIDAS DE CONCILIACIÓN, URXENTES E EXTRAORDINARIAS, acordos coa situación actual de perigo da "nova normalidade", REITERÁNDONOS NAS SEGUINTE PETICIÓNS**, para os efectos de:

1.- A CONTINUIDADE DO TELETRABALLO, como parte das medidas de conciliación urxentes a negociar, xa a que día de hoxe aínda non consta ningunha **regulación específica**, e xa é hora de regular un método de traballo que chegou para quedar. A día de hoxe hai 300 persoas teletraballando e necesitamos unha regulación específica. A DXX deberá establecer o reembolso ou compensación dos costes variables, electricidade, equipos informáticos e o seu mantemento...

2.- NEGOCIAR sobre FLEXIBILIDADE HORARIA, que favoreza a conciliación permitindo adaptar a xornada laboral en caso de funcionarios con fillos menores de 12 anos, persoas dependentes a cargo, a consecuencia da COVID, debidamente xustificadas; **sistemas de compensacións de días e horas**.

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **FERROL** Manu 678 51 45 55

LUGO: Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994- Sol 687 93 93 35

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>



Sindicato
Profesional
de Xustiza

3.- A CONTINUIDADE DO HORARIO ACTUAL DE 6 HORAS, facilitando a flexibilidade horaria para que sexa compatible coa conciliación familiar.

4.- NOVOS PERMISOS EXCEPCIONAIS polo tempo indispensable, a consecuencia do COVID, debidamente xustificados e adaptación ante situacións de fillos menores, incapacitados o maiores dependentes que deban quedarse en aislamiento domiciliario, ben porque cerre o centro escolar, centro de día, etc.

5.- CONCEDER O DESFRUTE DE ASUNTOS PARTICULARES E VACACIÓNS, ata o 30 de abril de 2021, para os efectos da organización laboral e familiar.

En VIGO, a 04 de setembro de 2020.

Fdo.: JULIO BOUZA BOUZA (Coordinador sindicato SPJ-USO)



DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA

R/ Madrid 2-4, 2ª planta, 15781, SANTIAGO DE COMPOSTELA

SINDICATO PROFESIONAL DE XUSTIZA SPJ-USO.

SINDICATO MAIORITARIO NA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA.

SANTIAGO: Manuel Tejada 654737422 **A CORUÑA:** Roberto 617685531 - Eugenia 655455702 **FERROL** Manu 678 51 45 55

LUGO: Rodrigo 605739886 **OURENSE:** Fran 660450226 **PONTEVEDRA:** Nilo 615496257 **VIGO:** Julio 600292730 - Yoli 655770994 - Sol 687 93 93 35

Email xeral para Galicia spjusogalicia@fep-uso.es

Visita o noso blog <http://spjusogalicia.wordpress.com>